

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DE ADQUIRENTES EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: OR-97/501:42

SITUACIÓN: Rúa San Martiño (Vilela), portal 4, 1º H - VERÍN

Por resolución da Dirección Territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de Ourense de data 9 de setembro de 2025 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente OR-97/501:42, ao abeiro do establecido no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, *polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.*

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Consonte ao establecido no artigo 31 do citado Decreto 1/2010, e tendo en conta que ao finalizar o prazo citado no parágrafo anterior só se presentou unha solicitude de inclusión no procedemento de selección, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para ser designada adquirente, a directora territorial de Ourense

ACORDA:

Declarar adquirente da vivenda citada á credencial número 20045.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ourense, na data da sinatura electrónica

A directora territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

Pilar Fernández León

